

I FEIRA DE EMPREENDEDORAS DE COMPOSTELA

Protagonistas: as mulleres do sector artesanal

9.00 - 12.00 Taller formativo para as artesás: “¿Sabes como crear interese no teu proxecto empresarial?. Técnicas e estratexias de comunicación”. (Edificio CIEDUS)

Formación dirixida ás emprendedoras que lideren proxectos artesanais da comarca de Santiago de Compostela, coa finalidade de elaborar un breve discurso de presentación que se usa para informar sobre elas mesmas, as súas empresas e os seus produtos e servizos. A mensaxe elaborada por cada unha delas expoñerase na sesión networking.

12.00 - 12.45 Café Networking e visita á exposición dos proxectos empresariais das emprendedoras. (Casa de Europa)

Visita á Feira

Comisaria da Feira Expositiva: Elena Fabeiro

Xerente Fundación Artesanía de Galicia

12.45 - 13.00 Inauguración da Feira. (Edificio CIEDUS)

Inauguración:

Universidade de Santiago de Compostela

Concello de Santiago de Compostela

13.00 - 13.45 Mesa de debate e sesión de preguntas (mentoring) dirixidas a emprendedoras cunha longa traxectoria no mundo empresarial. Esta sesión permitirá a emprendedoras en fase inicial resolver dúbidas do camiño emprendedor que lles espera. (Edificio CIEDUS):

Jose Castro

Noroeste Obradoiro, Santiago de Compostela <https://www.noroesteobradoiro.com/gl/>

Xoiería contemporánea

Palmira Marcote

Mimadriña, Sardiñeiro, Fisterra <https://mimadriña.com/>

Mimadriña é un proxecto de artesanía e creatividade aplicada á educación social, que emprega o papel para crear pezas artesanais

Inés Rodríguez

Rir & Co, Allariz <https://rirandco.com/>

Tecelán

Beatriz López

Tenda Boles, Santiago de Compostela

Moderadora:

Elena Fabeiro

Xerente Fundación Artesanía de Galicia <http://artesaniadegalicia.xunta.gal/>

13.45 - 14.15 Testemuña da emprendedora Idoia Cuesta. Fundadora de Idoia Cuesta, Cestería Contemporánea (<http://www.idoiacuesta.com>). “Desde o seu taller de Outeiro de Rei elabora as coleccións que presenta tanto en feiras de artesanía galegas, como en feiras profesionais fora de Galicia, en Londres ou París. Alí establece contacto con tendas para posteriormente traballar sobre pedidos. Foi precisamente nunha das feiras internacionais na que participou onde unha casualidade púxo a en contacto coa firma Loewe”. (Edificio CIEDUS)

Peche da Feira:

Programa Woman Emprende da Universidade de Santiago de Compostela

Concellería de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo. Concello de Santiago de Compostela.